



Asistentes:

Alcalde, Fernando Pérez Fernandez.

Concelleiros/as:

PP

Oscar Vázquez Corral.

Emilio Mahía Neira.

Esther Bergantiños García.

Juan Carlos Gundín Fontecoba

BNG:

Alvaro X.García Freire

Javier Suarez Sanchez,

Hortensia Vázquez Gómez.

Secretaria:

Minia Astray Barca

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DESTE CONCELLO NA SALA DE
SESIÓNS O VENRES DIA 17 DE OUTUBRO DE
2025.-

Na casa do concello de Vilasantar, sendo
as 10:00 horas do día baixo a presidencia do Sr.
Alcalde, reúnen os concelleiros/as que no
marxe se indican co obxecto de celebrar sesión
ordinaria do Pleno da corporación. A
Continuación pasouse o estudo da orde do día,
adoptándose sobre os asuntos contidos na
mesma os seguintes acordos:

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o
Alcalde, como presidente, declara aberta a sesión. Procedese a tratar os asuntos incluídos na
Orde do Día :

ÚNICO. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº5 REGULADORA DA TAXA DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS.

DEBATE

Toma a palabra o Sr. Alcalde para indicar que a presente proposta ten como obxectivo a
xustificación da necesidade e conveniencia de modificar a cota tributaria da taxa de recollida
de residuos urbanos que se regula mediante a Ordenanza Fiscal nº 5. A recollida de residuos
sólidos urbanos atopa o seu fundamento na prestación do servizo público no que se establece
que a entidades locais poderán establecer taxas polos servizos de recollida de residuos sólidos
e tratamento e eliminación destes. Así mesmo trátase dun servizo obrigatorio para os
municipios e de recepción obrigatoria para os suxeitos pasivos, polo tanto, deben terse en
consideración que o seu financiamento debe aterse ao principio de cobertura do custe do
servizo. As taxas deben gardar unha relación directa ou previsible do servizo que se presta e
tras a revisión de carácter económico do servizo referenciado enténdese que é preciso adecuar



a taxa ao custo do servizo, xa que, a ordenanza fiscal aplicable dende 2012 non se axusta ao custo que ten actualmente para o concello de Vilasantar. Polo tanto, é preciso proceder á modificación da ordenanza fiscal nº5 no seu artigo 6 relativo á cota tributaria.

Entre algúns dos motivos que se establecen para a citada modificación citamos o incremento do custo do servizo, actualmente ten unha análise económico-financeira habilitada polos servizos municipais e reflíctese un déficit estrutural no financiamento do servizo ao non cubrirse os custos cos ingresos obtidos por medio de dita taxa. Tras a análise dos datos evidenciase que o custe do servizo sufriu un incremento notable debido a diferentes aumentos de custes da xestión e do tratamento de residuos, polo tanto, a modificación ten por obxecto adecuar as tarifas actuais ao custo real do servizo e así dar cumprimento á normativa vixente actual. Loxicamente, non imos a chegar a cubrir o custo do servizo, xa non se cubría anteriormente e agora tampouco.

O que se propón é unha nova estrutura tarifaria que teña en consideración os criterios de progresividade, responsabilidade cidadán e xeración de residuos, polo que, detectouse a necesidade de redefinir as categorías de locais suxeitos á taxa, co fin de mellorar a equidade. Procede á lectura da Proposta de modificación citada anteriormente, fai unha pequena aclaración e solicita que conste en acta con respecto ás explotacións gandeiras de bovino de entre 20 e 50 cabezas. O concello de Vilasantar ten 96 explotacións de bovino segundo o rexistro da Dirección de gandería imos a cobrar só a cota tributaria a todas aquelas explotacións de bovino de entre 20 e 50 cabezas e os animais sexan maiores de 24 meses. Temos unha listaxe que establece cales son esas explotacións, temos reflectidos cantos de 0 a 6 meses teñen e cantos de 6 a 12 meses teñen e cantos de 12 a 24 meses teñen, eses que nun futuro serán vacas e que nós non imos a contabilizar e só imos a contabilizar aquelas explotacións que hai unha listaxe oficial que pon o número de vacas maiores de 24 meses que ten e tódolos anos no padrón do lixo se vai a actualizar ese dato.

Polo tanto, hai explotacións que teñen 30 cabezas pero non entran nesta listaxe porque desas 30 cabezas ao mellor non entran nesas de 24 meses. Hain unha listaxe legal e anual da Dirección de gandería sobre a que nos imos a basear para o padrón do lixo.

Continúa coa lectura da proposta de acordo e detense de novo con relación a explotación de bovino a partir de 50 cabezas indicando que todos aqueles animais que superen os 24 meses e continúa coa proposta. O que se pretende con esta modificación e mellorar a equidade e a eficiencia e a sustentabilidade do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos



CONCELLO DE VILASANTAR

R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.gal www.vilasantar.gal 981 778 169



garantido a carga dos custes dos mesmos e axustando a carga tributaria a realidade actual do servizo.

Con relación ao informe técnico-financeiro, procédese á modificación da ordenanza debido a que os custes supoñen claramente unha contía superior aos ingresos, a data de hoxe, só se cubre o 40% dos gastos. O importe da taxa trala modificación non pode exceder do custe do servizo. Hai uns custos directos que son 100.798,10 euros na que se atopa a empresa de recollida e transporte, SOGAMA, os plásticos, os voluminosos, o cartón e o vidro e son por esa contía. Establecese por normativa uns custos indirectos o que fai un custo do servizo total do servizo de 112.598,10 euros. Sumando os custos indirectos e directos. Ata agora os ingresos que tiñamos por esta ordenanza era de 45.516,00 euros desagregado entre vivendas e locais, como podedes ver só se cubro o 40% do servizo o 60% do servizo teno que asumir o Concello. Coa nova proposta as vivendas pagarían 63.840,00 euros e os locais 10.000,00 euros e, polo tanto, a estimación é de 73.840,00 euros. Esa cantidade supón un déficit que ten que asumir o concello de 38.758,00 euros, polo tanto, o servizo non se vai a autofinanciar.

Toma a palabra o voceiro do BNG, o Sr. García que indica que en primeiro quere saber se modificar esta ordenanza a afirmación do Alcalde de que só se van a cobrar ao maiores de 24 meses, iso é posible? Responde a Secretaria que á hora da emisión dos informes a apreciación non se fixo senón que se elaborou en base á proposta traída ao Pleno e advirte a Secretaria que se está a modificar o acordo que se trouxo ao Pleno e establécese unha conversa entre o Sr. Alcalde e a Secretaria onde se expón o que supón a advertencia e, polo tanto, modificación do acordo.

Toma a palabra o Sr. Garcia para indicar que coa redacción que se establece actualmente na proposta de acordo tese a obriga de cobrar a todos a partir dos 20 animais, cabezas. A pregunta que fai o Sr. Alcalde se se pode incluír a mesma o Sr. Alcalde indica que quere que conste en acta que o estude que remitiu das cabezas era de máis de 24 meses que son 31 explotacións das 96 que ten o Concello. Toma a palabra a Secretaria para indicar que cando se asinan os documentos por parte de Alcaldía pertencentes ao expediente esta cuestión non consta en ningún momento o que supón unha modificación do acordo plenario e indica que os informes emitidos van en base á proposta que consta no expediente, procedese a diferentes explicacións por parte da Secretaría indicando que supón unha modificación do mesmo. O Sr. Alcalde indica se é posible realizar esta modificación.



Toma a palabra o Sr. Garcia para indicar aporta unha posible solución si presentas unha emenda nós podemos aceptar esa emenda pero tes que presentar esa emenda e ademais propoño a emenda que é substituír o termo cabezas por unidades de gando maior. Esa é a proposta, porque as unidades de gando maior son os de menos de 24 meses e estaríamos de acordo a pesar de que votaremos en contra da modificación da modificación da ordenanza.

Consultase á Secretaria a forma correcta para poder tramitar o acordo coa modificación que se citou inicialmente polo Alcalde e ao que esta traslada os diferentes requisitos e cuestións para a presentación da mesma e así o estudo por parte de tódolos membros que forman parte do Pleno. Tras as diferentes intervencións se establece un receso de dez minutos do Pleno. Retomado o Pleno procede a Secretaria a citar como se vai realizar a inclusión da emenda.

EMENDA AO ACORDO PLENARIO

No punto 2 do presente acordo onde pon “- 100€ por cada local adicado a: h) Explotacións de ganderías de bovino entre 20 e 50 cabezas” sería modificar o acordo e poñer “- 100€ por cada local adicado a: h) Explotacións de ganderías de bovino entre 20 e 50 cabezas de máis de 24 meses”.

E a segunda modificación, no punto 2 do presente acordo onde pon “- 150€ por cada local adicado a: d) Cooperativas agrícolas, explotacións gandeiras de bovino a partir de 50 cabezas, grupos de produtores do campo, horticultores e Sociedades Agrarias de Transformación (SAT)” sería modificar o acordo e poñer “- 150€ por cada local adicado a: d) Cooperativas agrícolas, explotacións gandeiras de bovino a partir de 50 cabezas de máis de 24 meses, grupos de produtores do campo, horticultores e Sociedades Agrarias de Transformación (SAT)”.

VOTACIÓN Á EMENDA DO ACORDO

Votos a favor: 5 votos (PP) e 3 votos (BNG), incluíndose á emenda oa acordo.

Votos en contra: 3 votos (BNG).

DEBATE

Continuación do debate do acordo plenario, no que tiña a palabra o Sr. García no que indica que ademais das normativas existentes no caso de Vilasantar o aumento ven provocado por un acordo dun PEF no que se comprometía a aplicar as novas taxas para o ano 2026-2027



CONCELLO DE VILASANTAR

R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.gal www.vilasantar.gal 981 778 169



e hai previsto un aumento neste ano e outro no ano que ven, que foi o que se aprobou no PEF. Parécenos excesivo que as vivendas pasan de 48 euros a 70 euros pero os locais comerciais pasan de 60 a 100 euros e podendo chegar nalgúns casos ata os 250 euros. No caso das explotacións gandeiras tamén o traia e que non se utilizábanas unidades de gando maior. O que temos que ter en consideración é que nas explotacións estas van pagar o da casa máis o da explotación. Contesta o Sr. Alcalde que no acordo do que estamos falando é por local ao que o Sr. García responde que mais ben por actividade. Continua o Sr. García para indicar que estamos falando que algunha explotación lle estamos cobramos 48 euros e agora lle imos cobrar 170 euros, ao que indica o Sr. Alcalde que é correcto e realiza certas explicacións mediante exemplos.

Continua o Sr. García indicando que as taxas teñen que aplicarse en base a criterios sociais e de proporcionalidade e creo que non se establece ningunha exención e creo que tamén sería cousa de estudalo. De todos xeitos o BNG vai a votar en contra porque lle parece excesiva a suba que se plantexa, e tendo en conta que se ten prevista outra suba o ano que ven polo PEF. Indica o Sr. Alcalde que o PEF indica a suba para o 2026 e 2027.

Toma a palabra o concelleiro do PP Sr. Gundín para indicar que realizaron un estudo na que se ve unha suba xeneralizada e unhas medidas que son impopulares. Indica que nos últimos anos a xestión de residuos urbanos converteuse nun dos maiores retos para os municipios, o incremento na xeración de lixo e os cambios na normativa europea e a necesidade de transitar para un modelo máis sostible poñen de manifesto a urxencia de axudar o imposto sobre a recollida de residuos. Aínda que poida parecer unha medida impopular o aumento desa taxa é unha necesidade ineludible se se quere garantir o servizo eficiente, responsable e economicamente viable. Un dos principais motivos de modificación é a suba dos custos que implica unha infraestrutura complexa e custosa que na maioría dos casos non se cubre co recadado. Segundo datos do Ministerio de Transición Ecolóxica e o reto demográfico o custo medio en España situase entorno aos 100 euros anuais, custo medio por habitante. Mentres que en moitos concellos só recadan entre 40 e 60 euros por cidadán e esta diferente é cuberta con fondos municipais que poderían destinarse a outros servizos esenciais. Ademais a nova normativa europea obriga aos estados membros a reducir significativamente o vertido e aumentar a reciclaxe, e para cumprir con estes obxectivos é imprescindible modernizar as plantas de tratamento e promover campañas de concienciación cidadá o que implica unha inversión considerable. A suba suporía cumprir as obrigas sen comprometer a estabilidade económica dos concellos. Outro aspecto a ter en conta é que quen contamina paga, amplamente aceptado na xestión ambiental, unha suba do imposto pode servir como



unha ferramenta disuasoria para fomentar unha diminución de xeración. Polo tanto, a suba non debe entenderse como un castigo ao cidadá senón como un sistema máis xusto e sostible, garantindo unha xestión de residuos actualizada que require de recursos económicos proporcionais ao desafío e só así se pode avanzar a un modelo de cidade circular e comprometida co futuro.

Toma a palabra o Sr. García para indicar que a normativa europea do 2018 xunto coa ley do 2022 obrigan aos concellos a aplicar as taxas e polo custo real do servizo, pero esta normativa europea foi aprobada cos votos favorables do PP sendo comisario Arias Cañete. En Galiza o modelo complicase polo modelo promovido pola Xunta de Galicia a través de SOGAMA que encarece o servizo ao priorizar a incineración ao reciclaxe, somos a comunidade que menos recicla de todo o estado só o 22%. estamos priorizando un modelo para beneficiar a unha empresa privada. En Vilasantar realizase a suba para intentar pagar o que debemos. Lévese a cabo un debate entre diferentes concelleiros.

Indica o Sr. Alcalde que para rematar somos un concello comprometido coa limpeza e redución do lixo, anulamos e pechamos o vertedoiro e vertedoiros incontrolados, fixemos campañas de concienciación coa cidadanía, facemos as campañas de limpeza todos os anos, levamos catro anos facendo as campañas de biorresiduos, e fai referencia a diferentes accesión que se levaron a cabo por parte do concello nesta materia.

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar provisionalmente a modificación parcial da Ordenanza fiscal nº5 reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos no seu artigo 6º nos seguintes termos:
“Artigo 6º. Cota tributaria 1. A cota tributaria consistira nunha cantidade fixa, por unidade de local, que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles e da categoría da vía pública se sitúen.

2. A tal efecto aplicarase a seguinte tarifa:

- 70€ por cada vivenda.
- 100€ por cada local adicado a:
 - a) Bares, cafeterías ou tabernas.
 - b) Panaderías ou establecementos de alimentación.
 - c) Farmacias.
 - d) Salóns de peiteado e barberías.



CONCELLO DE VILASANTAR

R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.gal www.vilasantar.gal 981 778 169



- e) Carpinterías metálicas.
 - f) Talleres mecánicos ou de reparación.
 - g) Locais de actividades da construción.
 - h) Explotacións de ganderías de bovino entre 20 e 50 cabezas de máis de 24 meses.
- 150€ por cada local adicado a
- a) Restaurantes, casas rurais ou aloxamentos.
 - b) Fabricación de elaborados de alimentos.
 - c) Comercio ao por maior de cereais, similares, plantas, abonos e sustancias.
 - d) Cooperativas agrícolas, explotacións gandeiras de bovino a partir de 50 cabezas de máis de 24 meses, grupos de produtores do campo, horticultores e Sociedades Agrarias de Transformación (SAT).
 - e) Escolas ecolóxicas.
 - f) Tanatorios.
 - g) Servizos forestais.
- 250€ por cada local adicado a:
- a) Vivendas comunitarias.
 - b) Centros de saúde.
 - c) Colexios.
 - d) Albergues.
 - e) Plantas de biomasa.
 - f) Fabricación e produción en madeira.
 - g) Estacións de servizo de combustible.
- 100€ por cada local, negocio ou actividade que non se atope incluído en ningún dos apartados anteriores”.

SEGUNDO. Expor ao público o anterior Acordo mediante anuncio que se inserirá no taboleiro de anuncios municipal durante o prazo de trinta días hábiles, a contar desde o seguinte ao de publicación do devandito anuncio no Boletín Oficial da Provincia, dentro do cal as persoas interesadas poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas.

TERCEIRO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, con base no artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.



CUARTO. Facultar á Alcaldía para subscribir os documentos relacionados con este asunto.

VOTACIÓN Á EMENDA DO ACORDO

Votos a favor: 5 votos (PP)

Votos en contra: 3 votos (BNG)

Levantase a sesión , sendo as 10:40 horas do que eu secretaria dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE